


## As casas tradicionais galegas


Até un período avanzado da cultura castrexa, as construcións son de madeira con cuberta vexetal (colmo). Paseniñamente vai aparecendo a pedra coas características formas circulares que hoxe vemos nos castros e nas citanias. Coa romanización, impónse a vivenda de planta cadrada que durante séculos, segundo as necesidades dos seus usuarios e as condicións climáticas de cada zona, se diversifica en tipoloxías distintas. No derradeiro terzo do século XX, nembargantes, unha chea de factores, que van dende o éxodo rural até a insensibilidade pública e privada, teñen contribuído ao estragamento e desaparición de moitas destas vivendas, coa correspondente perda do seu rico patrimonio cultural.

As casas tradicionais poden ser de varios tipos:


**A casa de montaña.** Atópase nas serras orientais e sudorientais. É cadrada, pequena, con escasas e angostas ventás e teitos de colmo ou lousa.



**A casa coruñesa.** Está moi espallada pola provincia, e consiste nun conxunto de construcións adxectivas nucleadas pola vivenda da familia á que se superpoñen distintas dependencias: alpendre, alboio ou pallette, cabazo, forno, cortellos, etc., todas relacionadas coas necesidades e traballos agrícolas



**A casa mariñeira.** Ten dous ou tres andares, ás veces con pincho ou outón. Ás veces álzase sobre soportais, baixo dos cales se recollían embarcacións e aparellos. Nos seus balcóns corridos de madeira, moitos deles hoxe transformados en galerías, deitábanse a secar as redes.




**A casa luguesa ou da Terra Chá.** É rectangular con tellado de lousa a catro augas. Con dúas plantas: baixo, onde atopamos a cociña e a corte, e primeiro andar, para os cuartos. Non adoita ter edificacións auxiliares arrimadas. Destaca nela a cantaría de portas, ventás e esquinais.



**A casa meridional.** Está feita de granito. A súa planta é rectangular e ten dúas: o baixo acolle animais ou (nas zonas vinícolas) adegas. Está deseñada para aproveitar o máis posible as condicións climáticas. Ábrese ao exterior a través de solainas de madeira, patíns ou corredores.



**A palloza.** É de planta redonda e herdeira dos antigos castros. O teito é de palla ou colmo, e as paredes de pedra, cáseque sen fiestras. Consérvanse boas mostras nas montañas do Cebreiro e nos Ancares. Nelas viviron os seus moradores até a década de 1960, compartindo a súa estancia interior co gando vacún, que proporcionaba calor nos duros invernos.



ENDL BERGANTIÑOS